

PROCEDEMENTO: CT402C – Distribución para industrias culturais.

ASUNTO: Resolución de concesión de axuda da modalidade A (artes escénicas)

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. O día 2 de febreiro de 2023, DOG núm.23, publícase a Resolución do 21 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia non competitiva, para a concesión de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais e convócanse para o ano 2023 (código de procedemento CT402C).
2. Logo de estudar as solicitudes xunto á documentación complementaria presentada e tras os pertinentes requirimentos, compróbase que as admitidas esgotan na modalidade A o crédito orzamentario previsto na convocatoria polo que de conformidade coa base segunda, serán concedidas ata o esgotamento do crédito orzamentario.
3. A base décimo segunda establece que na concesión das subvencións se seguirá un procedemento abreviado no que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola dirección da axencia, e elevarase á presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examinaranse, e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta convocatoria, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro da Agadic.



4. O día 19 de abril de 2023, logo de instruír o procedemento, o director da Axencia Galega das Industrias Culturais (en diante, Agadic), como órgano instrutor, ditou unha proposta de resolución na que se indica o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico que se propón para cada unha delas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competente para a resolución de concesión da axuda o presidente do Consello Reitor de Agadic, de conformidade co disposto na base décimo terceira da Resolución do 21 de decembro de 2022, que establece que a presidencia do Consello Reitor de Agadic, deberá ditar unha resolución expresa no prazo de 15 días desde a data da elevación da proposta de resolución.

2. Todos os expedientes de solicitudes de subvencións a distribución das industrias culturais, co código de procedemento CT402C, foron tramitados e estudados conforme ás bases desta.

3. Como resultado de todo o proceso, o director de Agadic presenta a súa proposta de resolución o día 19 de abril de 2023.

Por todo o anteriormente exposto, tras examinar a proposta de resolución do director de Agadic, e de conformidade con ela,

RESOLVO:

1. Subvencionar polos importes que se expresan, as entidades solicitantes que se relacionan no anexo II.

2. Non admitir as solicitudes que se relacionan no anexo III polas causas que nel se expresan.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:



a) Recurso potestativo de reposición ante o presidente do Consello Reitor de Agadic. O prazo para interpor o recurso de reposición será dun mes se o acto fose expreso ou desde o día seguinte a aquel en que se producise o acto presunto. Unha vez transcorrido o devandito prazo, unicamente se poderá interpor recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fose expreso, a persoa solicitante e outros posibles interesados poderán interpor un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Esta resolución notificaráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido na Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O presidente do Consello Reitor de Agadic

Román Rodríguez González



ANEXO II
PROXECTOS SUBVENCIONADOS E IMPORTES DAS AXUDAS

Data Reg. Agadic	N.º Reg. Agadic	Mod.	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido
03/02/2023 00:03:00	375587	A1	Cecilia Vázquez Martínez	***5507**	Xira Lerele	7350,00 €	7350,00 €
03/02/2023 00:05:00	375594	A1	Redrum Producciones, SL	B70281894	Dist. Ext. Redrum	3000,00 €	3000,00 €
03/02/2023 00:06:00	375595	A1	Andrea Quintana Camiñas	***6548**	Circuito salas de metodoloxías carroñeras	3059,63 €	3059,63 €
03/02/2023 00:06:00	375596	A1	Hugo Guilherme Pires Pereira	***8242**	Tabú de Colectivo Glovo en Valencia	3360,00 €	3360,00 €
03/02/2023 00:08:00	375603	A1	Diego Anido Alonso	***1690**	Xira Diego Anido 2022	5145,27 €	5145,27 €
03/02/2023 00:10:00	375614	A1	Carlos Álvarez-Ossorio Ramos	***2243**	Xira nacional 'Si esto es un hombre'	1638,00 €	1638,00 €
03/02/2023 00:10:00	375615	A1	Stephanie Maybelle Llaryora	***8940**	Xira nacional Feminissimas	8550,32 €	7550,32 €
03/02/2023 00:11:00	375620	A1	Stephanie Maybelle Llaryora	***8940**	Xira nacional backup: A resurrección de Nuno	6222,10 €	5922,10 €
03/02/2023 00:11:00	375621	A1	Ainé Producións, S.L.	B70433032	Xira fariaña	25.000,00 €	20.426,00 €
03/02/2023 00:13:00	375629	A1	Titeres Cachirulo, SL	B15510084	Xira Titeres Cachirulo 2023	20.137,85 €	20.137,85 €
03/02/2023 00:14:00	375633	A1	Javier Fernández Martín	***9744**	Xira internacional Javier Martín 2023	2320,00 €	2320,00 €
03/02/2023 00:14:00	375634	A1	María Esther Fernández Carrodegas	***3458**	Iribarne na Sala Francisco Nieva do Teatro Valle Inclán	15.305,00 €	7214,05 €

Data Reg. Agadic	N.º Reg. Agadic	Mod.	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido
03/02/2023 00:03:00	375586	A2	Catarina Varela Garea	***6515**	Xira La Macana 2023 Viena	2760,00 €	2520,00 €
03/02/2023 00:06:00	375598	A2	Cecilia Vázquez Martínez	***5507**	Lerele Fest	1802,00 €	1802,00 €
03/02/2023 00:09:00	375605	A2	El Retrete de Dorian Gray, SC	J27389964	Festival nadal/Expojove Valencia	2218,71 €	2038,71 €
03/02/2023 00:09:00	375606	A2	Venancio Rodríguez Asorey	***5393**	Continente María	17.500,00 €	8400,00 €



03/02/2023 00:09:00	375611	A2	Producións Teatrais Excéntricas, SL	B15928377	Excéntricas na Mostra de Teatro Galego de Coimbra	3248,79 €	3248,79 €
03/02/2023 00:13:00	375625	A2	Culturactiva SCOOP Galega	F15983067	Píscore: BUMfest percussion festival (Eslovenia)	1923,28 €	1923,28 €
03/02/2023 00:13:00	375626	A2	Hugo Guilherme Pires Pereira	***8242**	Alleo de Colectivo Glovo en Costa Rica	1909,09 €	1909,09 €
03/02/2023 00:13:00	375628	A2	Pista Catro Productora de Soños, SL	B70037213	Orquestra Malabares	13.584,61 €	13.310,98 €
03/02/2023 00:13:00	375630	A2	Francisco Agustín Sieira González	***8011**	Participación en feiras nacionais e festivais internacionais "Demente" 2023	22.931,05 €	22.931,05 €
03/02/2023 00:14:00	375631	A2	Producións Teatrais Excéntricas, SL	B15928377	Pirolíticos no XXVIII Festival Internacional de Teatro Cómico de Maia	1826,70 €	1826,70 €

Data Reg. Agadic	N.º Reg. Agadic	Mod.	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido
03/02/2023 00:09:00	375608	A3	Urdime, S Coop Galega	F70353982	Fetén 2023	452,18 €	452,18 €
03/02/2023 00:10:00	375616	A3	Lilian Portela Fontán	***9170**	Feira Amarelo 1	930,00 €	930,00 €
03/02/2023 00:12:00	375624	A3	Lilian Portela Fontán	***9170**	Feiras Amarelo 2	1584,00 €	1584,00 €

Data Reg. Agadic	N.º Reg. Agadic	Mod.	Solicitante	NIF Solicitante	Proxecto	Importe solicitado	Importe concedido
03/02/2023 00:04:00	375589	A4	Producións Teatrais Excéntricas, SL	B15928377	Xira Galega Excéntricas	11.449,24 €	11.449,24 €
03/02/2023 00:04:00	375590	A4	A Xanela do maxín, SL	B70609367	Distribución interior A Xanela	4872,86 €	4872,86 €
03/02/2023 00:06:00	375599	A4	Redrum Producciones, SL	B70281894	Dist int Redrum	14.837,46 €	14.797,46 €
03/02/2023 00:09:00	375612	A4	Ibuprofeno teatro, SL	B94155389	Xira interior 2023	6120,00 €	6.200,00 €
03/02/2023 00:23:00	375670	A4	Stephanie Maybelle Llyorya	***8940**	Xira Galicia Running	3483,05 €	2950,00 €
03/02/2023 00:25:00	375676	A4	Artefeito Producións, S. Coop. Galega	F70586763	Distribución interior: Soños	6188,45 €	6188,45 €



03/02/2023 00:31:00	375694	A4	Juan Pablo Rodríguez Santiago	***4542**	Xira Galicia 22/23	5771,97 €	5771,97 €
03/02/2023 00:49:00	375728	A4	Caramuxo Teatro SC	J70100490	Xira Galicia 22/23	6393,44 €	6393,44 €
03/02/2023 00:53:00	375733	A4	Sarabela, SL	B32117483	Representacións en Galicia de Arraianos	13.093,14 €	13.093,14 €
03/02/2023 18:37:00	389699	A4	Thinkingupevents SLU	B70242946	Inventio (Galicia)	25.000,00 €	8363,44 €

ANEXO III:

NON ADMITIDOS

N.º DE EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA DE NON ADMISION
CT402C 2023/61	***8940**	Stephanie Maybelle Llaryora	Xira Galicia Feminísimas	Base 5.ª punto 5 das bases reguladoras
CT402C 2023/91	J70223680	Elefante Elegante, SC	Xira interior 2023	Base 1.ª punto 7 das bases reguladoras

DESISTIDOS

N.º DE EXPEDIENTE	NIF	SOLICITANTE	PROXECTO	CAUSA DE DESISTIMENTO
CT402C 2023/36	***1762**	Gustavo Del Río Prieto	Asitencia Gustavo del Río a Fetén, Tárrega e Madferia	Base 8.ª punto 2 das bases reguladoras

